

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO

D. Manuel Santos Costa

(Por delegación da alcaldía de data 19/06/2019)

XESTIÓN TRIBUTARIA

Expt: 2020-TE200-155

Polo departamento de xestión tributaria deste Concello foi elaborado o padrón fiscal das taxas pola prestación dos servizos de subministro de auga potable, recollida de lixo e sumidoiro, así como do canon da auga e coeficiente de vertido da Xunta de Galicia, correspondente ao 2º trimestre de 2020, padrón que ascende a un total de 915.885,37 euros e consta de 12.869 recibos, co detalle que se indica no documento anexo.

O artigo 15 das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de subministro de auga potable, sumidoiro e recollida de lixo dispón que os padróns fiscais destas taxas serán elaborados polo departamento de xestión correspondendo á Intervención de fondos a súa fiscalización e toma de razón, e á Alcaldía a súa aprobación.

O artigo 16 das mesmas ordenanzas fiscais establece o seguinte:

- 1- Aprobado a matrícula/padrón, anunciarase a súa exposición pública e período de cobro no Boletín Oficial da Provincia e no periódico de maior difusión da provincia e anunciarase no taboleiro de edictos do Concello, salvo que fose publicado con antelación o calendario fiscal para todo o exercicio.*
- 2- As matrículas/padróns fiscais que conteñen as cotas a pagar e os elementos tributarios determinantes das mesmas, expóñanse ó público nas Oficinas Municipais quince días antes de iniciarse os preceptivos períodos de cobro e por espazo dun mes.*
- 3- Contra a exposición pública das matrículas/padróns, e das liquidacións nos mesmos incorporadas, poderase interpoñer recurso de reposición, previo ao Contencioso-Administrativo, no prazo dun mes a contar dende a data de finalización do período de exposición pública do Padrón.*

Os artigos 48 e 71 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon do auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, establece as obrigas xerais das entidades subministradoras na xestión do canon do auga e do coeficiente de vertido, de forma que as entidades subministradoras de auga que desenvolvan a súa actividade en Galicia están obrigadas a repercutir e recadar aos seus abonados o canon do auga e coeficiente de vertido, se procede.

O día 23 de xullo de 2020 foi ditada Resolución da Alcaldía nº 1405/2020 pola que se modifica o calendario fiscal do padrón das taxas pola prestación dos servizos de subministro de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao período impositivo do 2º trimestre do ano 2020, establecendo como período voluntario de pago o que comprende dende o 1 de agosto ata o 20 de novembro de 2020, realizándose o cargo en conta dos recibos domiciliados o día 1 de setembro de 2020.

Polo exposto, en aplicación do indicado nos artigos 15 e 16 das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polo servizo de subministro de auga potable, polo servizo de sumidoiros e pola recollida de lixo, e no exercicio das competencias atribuídas á Alcaldía polo artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400055BF500X6W8F2U3O6W6 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2020TE200-155
	MANUEL SANTOS COSTA-CONCEJAL DELEGADO DE URBANISMO, HACIENDA Y PERSONA - 24/07/2020 BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 24/07/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/07/2020 13:36:21	Fecha: 23/07/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



de abril, reguladora das bases de réxime local, delegadas neste Concelleiro mediante Resolución do 19 de xuño de 2019, **RESOLVO**:

Primeiro.- Aprobar o padrón fiscal das taxas pola prestación dos servizos de subministro de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao período impositivo do 2º trimestre do ano 2020, padrón que, ascende a un importe total de 915.885,37 euros.

Segundo.- Someter o citado padrón a exposición pública durante o prazo dun mes mediante anuncio a publicar no Taboleiro de Anuncios do Concello de Marín e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, prazo que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. A consulta do padrón poderá realizarse nas dependencias da Tesourería municipal, sección Xestión Tributaria, sita na rúa Avda de Ourense s/n, os días laborais en horario de atención ao público.

Terceiro.- Facer constar que a expresada publicación produce efectos de notificación colectiva das liquidacións consignadas no padrón nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Cuarto.- Contra as liquidacións incorporadas ao padrón, poderá interporse polos interesados o recurso de reposición a que se refire o artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais. O prazo para interpor recurso será o de un mes a contar dende o día seguinte a aquel da finalización do prazo de exposición pública do correspondente padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, coas consecuencias legais conseguintes, incluso a recadación de dereitos liquidados, xuros e recargos.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo elo, sen prexuízo de que os interesados poidan utilizar calquera outro medio impugnatorio que consideren convinte o seu dereito.

Contra a repercusión do canon da auga e o coeficiente de vertido poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda practicada a notificación.

Quinto.- De conformidade co establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación, no artigo 4 da ordenanza de tesourería e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público, e na Resolución da Alcaldía nº 1405 do 23 de xullo de 2020, establécese como período de cobranza do citado padrón o que comprende dende o 1 de agosto ata o 20 de novembro do ano 2020, realizándose o cargo en conta dos recibos domiciliados o día 1 de setembro. O pago poderase realizar mediante domiciliación bancaria ou nas oficinas das entidades colaboradoras na recadación do Concello de Marín.

Sexto.- O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario sen ter satisfeito a débeda determinará o inicio do período executivo e a exacción da débeda polo procedemento de apremio, devengándose os recargos do período executivo, os xuros por mora e as costas que correspondan.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400055BF500X6W8F2U3O6W6 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2020TE200-155
	MANUEL SANTOS COSTA-CONCEJAL DELEGADO DE URBANISMO, HACIENDA Y PERSONA - 24/07/2020 BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 24/07/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/07/2020 13:36:21	Fecha: 23/07/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



O impago do canon da auga e o coeficiente de verteduría no período voluntario suporá a esixencia destes conceptos directamente ao contribuínte, pola vía de apremio pola Consellería competente en materia de Facenda pola Xunta de Galicia.

Sétimo.- Dese traslado da presente Resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos e dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre dende esta data.

Así o dispón o Concelleiro Delegado de Urbanismo, Facenda, Persoal, Vivenda, Emprego, Empresa, Tecnoloxías da Información e Coordinación das Áreas de Goberno, no exercicio das atribucións delegadas por Resolución da Alcaldía de data 19/06/2019 do que eu como Secretaria dou fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

FIRMANTE - FECHA		EXPEDIENTE : 2020TE200-155
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400055BF500X6W8F2U3O6W6 en https://sede.concellodemarin.es	MANUEL SANTOS COSTA-CONCEJAL DELEGADO DE URBANISMO, HACIENDA Y PERSONA - 24/07/2020	Fecha: 23/07/2020
	BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 24/07/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/07/2020 13:36:21	Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

